

MADRIGALLEGO DE ORO,
AL MÉRITO EN LA COMUNICACIÓN

A
XABIER FORTES

Naceu en Pontevedra 1966) é licenciado en Ciencias da Información pola Universidade Complutense de Madrid.

Desenvolveu toda a súa carreira profesional en medios públicos. Tras unha etapa previa en Radiocadena Española, ingresa en TVE en 1990, exercendo de delegado en Pontevedra. En 1997 é nomeado editor e presentador dos telexornais e en 2007 director do Centro Territorial de Galicia. De ahí salta a programación nacional como director de Los Desayunos de TVE e actualmente o programa nocturno de análisis político La Noche en 24 h. Neste tempo tamén foi o encargado de moderar os debates electorais entre os candidatos á presidencia do goberno.

Tamén é autor dunha ducia de documentais de variada temática. No pasado nadal publicou a súa primeira novela, Sonata de Acuario, ambientada en Pontevedra, cidade sobre a que orbita boa parte da traxectoria vital é profesional da súa familia. É fillo do militar e historiador Xosé Fortes, fundador da Unión Militar Democrática no tardofranquismo, e que tratou de espallar ideas de liberdade e democracia no exército para evitar de que se convertise nun problema na transición, polo que sufriu un consello de guerra.

Todos os seus irmán están relacionados co mundo da literatura: Susana, novelista de éxito e finalista do Premio Planeta, Alberto, autor de máis dunha ducia de libros entre novelas i ensaios, sempre co mar e as Rías Baixas como telón de fondo, e Belén, poeta e editora. Xabier Fortes está en posesión de dous dos maiores recoñecementos da radio televisión en España, o Micrófono de Ouro e o premio Ondas.